

## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA PARA A "ANALISE DE BIOTOXINAS DENTRO DO CONTROL OFICIAL DE MOLUSCOS BIVALVOS".

En Santiago de Compostela,

### REUNIDOS:

Dunha parte, **Don Antonio Gómez Caamaño**, Conselleiro de Sanidade en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra, **Dona Marta Villaverde Acuña**, Conselleira do Mar e Presidenta do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, e na Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, así como o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En representación das súas respectivas Consellerías, e de conformidade coas atribucións conferidas na normativa indicada,

### EXPOÑEN:

**PRIMEIRO.-** O 4 de febreiro de 2016 as Consellerías representadas no presente acordo, xunto coas competentes en materia de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de Medio Rural e de Economía, Emprego e Industria, asinaron un acordo de colaboración para o establecemento dunha Rede Integrada de Laboratorios de Interese en Saúde Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto do citado acordo de colaboración foi o establecemento dunha Rede Integrada de laboratorios (REDGALICIA), que permitira o uso coordinado dos distintos laboratorios de que dispoñen os departamentos asinantes, e que xerasen datos de interese para a Saúde Pública.

Dita rede configúrase como o instrumento de intercambio efectivo de información de carácter técnico-científico no que participan diversos laboratorios públicos que xeran



información de transcendental importancia para as actuacións a realizar en materia de saúde pública, consistentes entre outras, na realización de análises ou na vixilancia ou o control da saúde da poboación galega, directamente ou a través dos seus factores de risco ou outros aspectos que resulten de interese.

Entre os laboratorios integrantes da Rede atópase o Laboratorio do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia dependente da Consellería do Mar.

**SEGUNDO.-** A cláusula cuarta do acordo asinado o 4 de febreiro de 2016 determina os fins da rede, entre os que figura *"a provisión de resultados analíticos fiables para a avaliación e vixilancia dos perigos relacionados coa saúde ambiental, a seguridade alimentaria e as enfermidades infecciosas, transmisibles, crónicas e xenéticas" así como "o impulso e utilización de técnicas novidasas de detección e identificación de axentes biolóxicos e químicos, e a optimización das existentes, e calquera outra actividade que resulte de interese para as partes integrantes da rede"*.

**TERCEIRO.-** Tendo en conta o anterior, resulta de interese para as dúas institucións ter información puntual da situación "sanitaria" das augas de produción de moluscos de Galicia, entendendo por tal o coñecemento dos niveis de biotoxinas; o estatus microbiolóxico e o nivel de contaminantes químicos que acontezan nas zonas de produción.

**CUARTO.-** As dúas partes recoñecen que o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, ente de dereito público, adscrito á Consellería do Mar, segundo o artigo 1.4 da lei 3/2004, de 7 de xuño, pola que se crea o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, conta cos medios e competencia técnica axeitadas para levar a cabo os controis anteditos. O referido Instituto é o instrumento da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control de calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar, en materia de seguridade alimentaria e de asesoría técnico-científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura, no ámbito das zonas de produción en augas da competencia da Comunidade Autónoma.

Por resolución da Dirección Executiva da Axencia Española da Seguridade Alimentaria de 30 de setembro de 2021, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño foi designado laboratorio nacional de referencia para o control das biotoxinas mariñas, dando así cumprimento ao disposto no Regulamento (UE) 2017/625, do 15 de marzo, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, e polo que se modifican os Regulamentos (CE) n° 999/2001, (CE) n° 396/2005, (CE) n° 1069/2009, (CE) n° 1107/2009, (UE) n° 1151/2012, (UE) n° 652/2014, (UE) 2016/429 e (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, os Regulamentos (CE) n° 1/2005 e (CE) n° 1099/2009 do Consello, e as Directivas 98/58/CE, 1999/74/CE, 2007/43/CE, 2008/119/CE e 2008/120/CE do Consello, e polo que se derogan os Regulamentos (CE) n° 854/2004 e (CE) n° 882/ 2004 do Parlamento Europeo e do Consello, as Directivas 89/608/CEE, 89/662/CEE, 90/425/CEE, 91/ 496/CEE, 96/23/CE, 96/93/CE e 97/78/CE do Consello e a Decisión 92/438/CEE do Consello (Regulamento sobre controis oficiais).



**QUINTO.-** A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, están interesados en cooperar e promover actuacións que contribúan a mellorar a protección da poboación fronte aos riscos asociados ao consumo de moluscos bivalvos que incumpren as disposicións vixentes en materia de seguridade e saúde.

Por outra banda, cómpre ter en conta que a Lei 14/2013, do 26 decembro, de racionalización do sector público autonómico, ten por obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa, así como a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e a mellora da xestión do sector público autonómico. Baixo estas premisas determina que as relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico respondan aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas.

A tal fin, establece no artigo 8 o principio de autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o cal a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios dos que dispoña o sector público autonómico, debendo acudir, cando tales medios sexan insuficientes, á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

O artigo 10 da citada lei 14/2013, do 26 de decembro, recolle entre os procedementos e instrumentos para materializar dito principio o establecemento de *"acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño conxunto de tarefas comúns"*.

En virtude do exposto, as partes comparecentes acordan subscribir este acordo, que someten as seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto.**

Constitúe ao obxecto do presente acordo o establecemento dunha liña específica de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, que posibilite a transmisión bidireccional da información relativa a biotoxinas, criterios microbiolóxicos (salmonella, vibrio e norovirus), dioxinas de PCB's e metais pesados dos moluscos bivalvos procedentes das rías galegas e a realización de análises de biotoxinas para o control sanitario dos moluscos bivalvos procedentes de establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, facilitando o exercicio das competencias de control sanitario atribuídas á Consellería de Sanidade e á Consellería do Mar.

O anterior realizárase no marco da Rede de Laboratorios constituída o 4 de febreiro de 2016.



## **SEGUNDA.- Obrigas do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.**

O Intecmar, como laboratorio oficial de referencia na Comunidade Autónoma de Galicia e integrante de REDGALICIA, comprométese a:

- a) Transmitir información nos supostos e de conformidade co establecido no Anexo do presente acordo.
- b) Realizar as analíticas de toxinas lipofílicas, análise de toxicidade tipo PSP e análise de toxicidade de tipo ASP polos respectivos métodos de referencia.

## **TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Sanidade.**

A Consellería de Sanidade comprométese a:

- a) Intercambiar información nos supostos e de conformidade co establecido no Anexo do presente acordo.
- b) Realizar, a través dos seus Servizos de Inspección de Saúde Pública, a toma de mostras e remitilas ao laboratorio do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.
- c) Colaborar no financiamento do custe da realización das analíticas convidas, de conformidade co establecido na cláusula quinta do presente acordo.

## **CUARTA.- Coordinación e medios.**

O desenvolvemento destas actividades realizarase polas unidades administrativas correspondentes, que serán coordinadas polas Direccións do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño e de Saúde Pública, respectivamente.

O laboratorio do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño destinará a infraestrutura, así como os recursos humanos e materiais necesarios para a realización e o cumprimento dos fins do presente acordo.

## **QUINTA.- Financiamento.**

A Consellería de Sanidade comprométese a colaborar na cobertura dos gastos xerados pola realización de 147 analíticas, ata un máximo de trinta mil euros (30.000,00 €) anuais, a razón de 204,41 €/análise segundo se establece nas tarifas vixentes para o ano 2025, con cargo á aplicación 12.02.413A.661.01 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2025, na que existe crédito axeitado e suficiente. As sucesivas anualidades quedan condicionadas á existencia das necesarias dotacións orzamentarias.

Dita cantidade unicamente cubre unha parte dos gastos xerados pola realización das analíticas, sendo a outra parte asumida polo propio Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño coa aplicación dos seus medios e recursos (actividades recollidas no anexo).



Para cumprir co obxecto do presente acordo, a Consellería de Sanidade transferirá ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño a cantidade de 120.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.413A.661.01 dos orzamentos da Dirección Xeral de Saúde Pública para os anos 2025, 2026, 2027 e 2028.

Anualidade	Orzamento
2025	30.000,00 €
2026	30.000,00 €
2027	30.000,00 €
2028	30.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>120.000,00 €</b>

O pagamento realizarase unha vez realizadas as analíticas e cando a Consellería de Sanidade emita o informe de conformidade á memoria presentada polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, que incluírá os traballos desenvolvidos. A memoria de pagamento presentarase necesariamente antes de que remate o mes de novembro de cada ano.

#### **SEXTA.- Comisión de seguimento.**

Para o seguimento e avaliación do desenvolvemento do presente acordo, establécese unha comisión de planificación, seguimento, desenvolvemento e control.

Esta comisión constituirase no prazo dun mes dende a sinatura do acordo e estará formada polos titulares das Direccións do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño e da Dirección Xeral de Saúde Pública e dúas persoas designadas por cada unha das direccións.

Reunirse como mínimo unha vez durante a vixencia do acordo e sempre que o solicite unha das partes, adoptándose os acordos por unanimidade.

Será competencia da devandita comisión:

- Incidir e impulsar o seguimento e desenvolvemento do acordo.
- Coñecer e aprobar os obxectivos e custos que se fixen para cada exercicio orzamentario e que formarán parte do anexo programático.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir na execución do acordo.

O seu funcionamento axustarase o establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia . No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o Conselleiro de Sanidade resolverá as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia.

#### **SÉTIMA.- Protección de datos.**

As partes comprométense a manter o segredo en relación cos datos de carácter persoal dos usuarios do Servizo Galego de Saúde que afectan á súa intimidade e, en particular, a dar



cumprimento ao establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se deroga a Directiva 95/46/CE así como o resto da lexislación vixente nesta materia. Ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente acordo e ao deber de gardalos, sen que podan utilizalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións convencionais entre as partes.

En consecuencia, as partes asinantes do presente acordo e as persoas voluntarias que teñan acceso a datos de carácter persoal comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto a calquera das informacións, documentos ou datos de carácter persoal aos que puideran ter acceso e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, e facer constar, de maneira expresa, que velaran polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso.

#### **OITAVA.- Inexistencia de relación laboral.**

A subscrición do presente acordo non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste acordo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á Consellería de Sanidade responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

#### **NOVENA.- Natureza Xurídica.**

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, e pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Encádrase dentro dos medios e instrumentos que o artigo 10 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, prevé para facer efectiva a colaboración entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o presente acordo está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As discrepancias que se poidan producir resolveranse nos termos previstos nos artigos 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, e 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, para os conflitos de atribucións.



**DÉCIMA.- Vixencia.**

Este acordo producirá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028.

**DÉCIMA PRIMEIRA.- Causas de resolución.**

Será causa da resolución do presente acordo:

1. O incumprimento manifesto total ou parcial das obrigas asumidas por calquera das partes.
2. A denuncia expresa dalgunha das partes, con previo aviso de, como mínimo, dous meses de antelación á finalización do prazo de vixencia do acordo ou de calquera das súas prórrogas.
3. O acordo mutuo das partes.
4. O transcurso do prazo estipulado sen que se desenvolva o acordo.
5. As demais causas previstas na lexislación vixente que resulte de aplicación.

En calquera caso, ambas partes se comprometen a adoptar as medidas oportunas que garantan a finalización dos traballos que se tiveran iniciado.

**DÉCIMA SEGUNDA.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.**

A sinatura deste acordo leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calesquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente acordo será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, asinan este acordo na data da sinatura dixital,

POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE

POLO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O  
CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

Asdo.: Antonio Gómez Caamaño

Asdo.: Marta Villaverde Acuña



## ANEXO PROGRAMÁTICO

**1º.- Transmisión de información:**

- a) **Biotoxinas:** O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño remitirá á Dirección Xeral de Saúde Pública a información que se relaciona a continuación, por e-mail ou por calquera outro medio de transmisión rápida que se acorde polas dúas partes:
- Informe diario de resultados analíticos de vixilancia de biotoxinas nas zonas de produción.
  - Resolucións actualizadas diariamente de aperturas e peches de zonas de produción.
  - Información puntual acerca de calquera modificación que se produza nas zonas de produción no que ao control de biotoxinas se refire.
- b) **Control microbiolóxico:** Transmisión de información da calidade microbiolóxica das augas incluíndo o control do *Vibrio parahaemolítico* e de *Salmonella spp.*, indicando o plan establecido para o mesmo. Así mesmo, a Consellería de Sanidade comprométese a proporcionar información acerca de calquera problema puntual detectado no ámbito das súas competencias e a realizar a investigación e seguimentos que considere oportunos no referente a calquera problema producido por este tipo de microorganismos.
- c) **Dioxinas-PCBs:** Como consecuencia dos problemas xurdidos no contexto europeo, existindo un acordo de control de furanos/PCB's, a Consellería de Sanidade colaborará co Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño na obtención de información do contido destas substancias nos moluscos das rías galegas.
- d) **Norovirus:** O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño remitirá á Dirección Xeral de Saúde Pública a información relativa aos resultados das mostraxes que para a determinación destes axentes se realicen no antedito laboratorio. Esta información remitirase o antes posible ante calquera resultado desfavorable que supere as 500 copias/gr deste parámetro que se produza nas zonas de produción de moluscos destinados a ser consumidos crus.
- e) **Metais pesados e hidrocarburos:** Ao abeiro do disposto na regulación europea que recolle este aspecto, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño e a Consellería de Sanidade colaborarán na obtención de información acerca do contido en metais pesados nos moluscos, por medio de análíticas a estes produtos que vai a realizar o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño. Así mesmo, a Consellería de Sanidade remitirá a información que sobre este tema acade, logo dos controis realizados no mercado e nas industrias.
- f) **Apoio a novas tecnoloxías:** A Consellería de Sanidade comprométese a apoiar e promover a implantación de novas técnicas analíticas para o control da calidade



sanitaria das augas das zonas de produción de moluscos bivalvos que supoñan un avance de efectividade demostrada neste campo.

## **2º.- Presentación de servizos:**

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño comprométese á realización dun número aproximado de 147 análises combinada nunha mesma mostra, de toxinas lipofílicas, análise de toxicidade tipo PSP e análise de toxicidade de tipo ASP polos respectivos métodos de referencia de moluscos procedentes de diferentes establecementos desta Comunidade Autónoma, dentro do Control da Salubridade de Moluscos que a Dirección Xeral de Saúde Pública está levando a cabo.

